



REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN DIFERENTES SOLICITUDES DO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMELLE.

O 18/06/2020 foi publicado na páxina web <https://mar.xunta.gal/> a apertura do prazo para presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento de dez (10) cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación da confraría de Camelle.

Segundo o apartado 1.4 *Emenda da solicitude* das bases da convocatoria, se as solicitudes non reúnen os requisitos formais e de acordo co disposto no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas*, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles as emenden, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02/10/2015), realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios das entidades asociativas.

De acordo co anteriormente indicado, REQUÍRESE a seguinte documentación:

Embarcación	Armador	NIF	Documentación
Carmen	Juan José Pequeño Martínez	***2911**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3
Jema	Cristian Martínez Cures	***8975**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3
Marimar	Tajes Mouzo SC	***5686**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3. Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria. e)





Nuevo Anamar	Juan Alberto Baña Pérez	***1380**	Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria. e)
Prixeiro	José Antonio Tajés Castro	***0915**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3
Sara	Rosa M ^a Bermúdez Castro	***3033**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3. Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria. e)
Zeus Uno	Ermindo Mouzo Castro	***1982**	Rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nela. b.2.1) e b.3.

A documentación requirida dirixirse á xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e presentarse na sede electrónica, no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <https://mar.xunta.gal/>.

As persoas ás que se lles require a presentación da Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria infórmase de que de non facelo considerárase que desistiu da súa petición e a súa solicitude será excluída do procedemento de incremento de cotas logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 2 de outubro.

De non presentarse os roles de despachos das embarcacións no prazo establecido, entenderase que desiste da valoración dos méritos establecidos nos apartados 2 e 3 do punto C do Anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos (DOG núm. 91 do 13/05/2016).

O xefe territorial

Por delegación de funcións por Resolución de 6 de novembro de 2019
 (artigo 5.5 Orde do 8 de setembro de 2017, DOG núm. 180 do 21/09/2017)

A xefa do Servizo de Recursos Mariños
 M^a José Cancelo Baquero

